Agrupación Deportiva "La Parra"
15703 Santiago de Compostela
Tel: 981588158 / 689459794
email: paalva53@edu.xunta.es

CAMPIONATO ESCOLAR DE CROS

O Campionato de cros de CENTROS DE ENSINO celebrarase en dúas xornadas de Cros os días 24 e 25 de Novembro no Circuito de **Aldea Nova** no **Concello** de **Ames** (ubicación do circuito -> https://maps.app.goo.gl/FSYTN9imZjmZHwxa8).

Os Centros Escolares terán ata o día 10 de Novembro para enviar as súas inscricións. Unha vez recibidas, comunicaremos os Colexios que participan en cada xornada. Os CPI e os IES o farán o día 25 de Novembro, uníco día que haberá categoría CADETE.

As competicións terán o seguinte horario e distancias:

HORA	CATEGORÍA	NADOS NOS ANOS	CIRCUÍTO
11:00	Benxamín feminino	2018 - 2019	500 m (1 Volta P)
11:08	Benxamín masculino	2018 - 2019	500 m (1 Volta P)
11:15	Alevín feminino	2016 - 2017	1.000 m (1 Volta G)
11:25	Alevín masculino	2016 - 2017	1.000 m (1 Volta G)
11:35	Infantil feminino	2014 - 2015	1.500 m (1 Volta P +1 Volta G)
11:50	Infantil masculino	2014 - 2015	1.500 m (1 Volta P +1 Volta G)
12:05	Cadete feminino	2012 - 2013	2.000 m (2 Voltas G)
12:20	Cadete masculino	2012 - 2013	2.000 m (2 Voltas G)

As inscricións pódense sacar do programa XOGADE EN EXCEL, ou no modelo que se adxunta, e enviaranse a: paalva53@edu.xunta.gal.

Tódolos participantes teñen que estar inscritos, na dirección de internet, www.deporteescolargalego.org, programa XOGADE, deporte CROS DE HORARIO LECTIVO. Os Centros que necesiten transporte deberán solicitalo no email indicado anteriormente, indicando o número de viaxeiros antes do 14 de Novembro

Deberanse traer imperdibles para suxeitar ben os dorsais dos participantes. Os dorsais recolleranse na Secretaría ao chegar ao circuito.

Estableceranse dúas clasificación: individual, segundo o orden de chegada; e por equipos sumando os puntos obtidos polos 4 primeiros corredores, 3 no caso da categoría cadete, de cada CENTRO, resultando gañador a entidade que menos puntos acade.

Na categoría **Cadete**, para **O Campionato Provincial**, clasificaranse os 2 mellores equipos e os 10 primeiros atletas clasificados individualmente que non pertenezcan aos estos equipos e entren na meta entre os 15 primeiros. No resto das categorías clasificarase para o provincial, en cada XORNADA, o 1º equipo e os 5 primeiros atletas que non pertenezcan ao equipo clasificado e que entren na meta entre os 10 primeiros

Para o Campionato provincial os equipos estarán formados por 6 atletas como máximo. Poderanse variar os corredores que van a formar parte dos equipos clasificados, con respecto aos que participaron nesta fase.

En cada xornada haberá entrega de trofeos para os 3 primeiros Centros clasificados en cada categoría, así como medallas para os atletas que entren na meta nos 4 primeiros postos de cada carreira

Toda a documentación referente a cobertura do seguro está disponible na páxina http://xogade.xunta.gal e https://inscripcion-xogade:poliza, protocolo de actuación, etc …

Todos os aspectos non recollidos nestas normas, serán regulados pola organización do evento, en coordinación co Servizo Provincial de Deportes

Santiago Outubro 2026